

Foi o primeiro acto literario das Letras Galegas deste ano dedicado á autora

MÁS ALLÁ DEL TIEMPO, O LIBRO INÉDITO DE MARÍA MARIÑO, PRESENTOUSE HOXE EN SANTIAGO



De esquerda a dereita: Ana Romaní, Henrique Monteagudo, Helena González e Henrique Alvarellos, no Consello da Cultura Galega.

- A obra, escrita en prosa e verso, descúbrenos a unha narradora orixinal, consciente e insubmisa, con influencia dos movementos de vangarda e reveladoras composicións oníricas.
- A profesora e investigadora Helena González afirma no seu estudo que este libro confirma que María Mariño “xa era escritora antes de que Novoneyra a ‘vise nacer’”.
- O editor, Henrique Alvarellos, explicou que “o mecanoscrito apareceu inesperadamente a comezos do pasado mes de xaneiro entre o legado de Ánxel Fole do xornalista lugués Juan Soto”.
- Ana Romaní: “María Mariño é unha das figuras máis ensombrecidas e fascinantes da literatura galega moderna”.

Un dos libros máis agardados deste ano literario foi presentado hoxe en Santiago, na sede do Consello da Cultura Galega. Trátase do volume *Más allá*

del tiempo de María Mariño (Noia, 1907-Parada do Courel, 1967), a escritora a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas de 2007.

No acto (primeira presentación editorial do ano dun libro de María Mariño) participaron o secretario do Consello da Cultura Galega, Henrique Monteagudo; a autora do estudo e da edición do texto, Helena González; a integrante da Comisión de Xénero do CCG e xornalista Ana Romaní, e o editor, Henrique Alvarellos.

A obra, publicada por Alvarellos Editora, foi concluída pola autora en 1965, pero permaneceu inaccesible durante máis de corenta anos. Está escrita en castelán e nela combina prosa e verso. “O mecanoscrito apareceu inesperadamente o día 2 de xaneiro –explicou o editor, Henrique Alvarellos–, agochado entre o legado de Ánxel Fole do xornalista lugués Juan Soto, quen o puxo sen condicións a nosa disposición”.

O LIBRO QUE DESPEXA AS INCÓGNITAS

Estamos ante o primeiro libro preparado e ordenado directamente por María Mariño. *Más allá del tiempo* permite despexar todas as incógnitas e recompoñer a fondo a súa obra.

Ademais de poeta, descubrimos que era unha narradora orixinal, consciente e insubmisiva, con influencia dos movementos de vangarda e reveladoras composicións oníricas. Boa parte do libro semella un relato autobiográfico, que se completa coa até agora descoñecida poesía infantil.

Esta edición, que integra a Colección Rescate de Alvarellos Editora, acompáñase dun amplo e documentado estudo introdutorio da profesora de Literatura Galega e investigadora da Universitat de Barcelona, Helena González, experta en literatura de muller. Para González “esta obra confirma que María Mariño era xa escritora antes de que Novoneyra a ‘vise nacer’”.

O libro incorpora, ademais, epistolario inédito e material gráfico relativo á xestión da obra.

Unha das partes máis interesantes de *Más allá del tiempo* é o capítulo titulado “Sueños”. Para Helena González este apartado “demostra que ademais de poeta paisaxísta, telúrica, existencial e relixiosa, María Mariño tamén quixo ser poeta onironauta, desenvolvendo unha linguaxe da lucidez construída a partir da interpretación literaria dos soños”.

Ana Romaní destacou, pola súa banda, que “Mariño é unha das figuras máis ensombrecidas e fascinantes da literatura galega moderna (...) A grande descuberta desta volume é a de encontrarnos cunha autora consciente e autónoma. Unha escritora máis alá da autora paisaxísta cou popular”.



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137

alvarellos

EDITORA

Más allá del tiempo é, en suma, a peza clave para entender a obra galega de María Mariño.

Para contactar con Helena González: 625 60 21 77 (ou 93 403 56 53)
Para contactar con Henrique Alvarellos: 609 90 88 52



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137